

Estimadas familias:

Queremos ante todo dar a benvida ó noso colexio José Cornide Saavedra a tódolos que vos incorporades a nosa escola neste curso escolar, desexando que veñades con grande ilusión e que pronto vos sintades, tanto vos como os vosos nenos, membros desta familia.

Par axudar a que sexa así, queremos que teñades unha pequena idea do **que xestionamos a través da ANPA**, intentando, na medida do posible, ser unha vía de comunicación co colexio é un punto de apoio nas situacións que pudieran ir xurdindo.

- **Comedor Escolar:** a coordinación do comedor escolar faise a través da ANPA, sendo actualmente a empresa de catering encargada do seu servizo “Jardanay”. Indicar que as inscricións no comedor fanse de forma dixital, o **periodo de inscrición será do 10 ó 30 de agosto**. Este ano retomamos todas as modalidades de comedor (fixo mensual, fixo 4 días, fixo 3 días, fixo 2 días, fixo 1 día e esporádico).
- **Madrugadores:** Como novidade, este próximo curso implantarase o servizo de madrugadores, sempre e cando haxa como mínimo un usuario coa modalidade de fixo mensual. Este servizo tamén será a través da empresa “Jardanay” e ten o mesmo periodo de inscrición que o servizo de comedor. Da mesma forma, ofreceranse tódalas modalidades de inscrición (fixo mensual, fixo 4 días, fixo 3 días, fixo 2 días, fixo 1 día e esporádico). No momento da inscrición en liña darase a opción de que sexa dende as 7:30 ata as 9:00 h ou de 8:00 a 9:00 h. Para que se poida optar pola franxa horaria de hora media será necesario que, cando menos, haxa unha inscrición no horario de 7:30 a 9:00 na modalidade fixa mensual. Aproximadamente no mes de marzo levarase a cabo unha reunión cos socios da Anpa para valorar a súa viabilidade no seguinte curso, xa que se prevé que este servizo non consiga financiarse polos seus medios, e así se acordou na derradeira reunión de socios.
- **Actividades extraescolares:** a través da ANPA coordinamos as actividades que realizan os nenos do colexio, intentando que sirvan como divertimento e aprendizaxe para os alumnos así como para a conciliación laboral das familias. Como idea: as actividades que se levaron a cabo foron combinando as que organiza e subvenciona o Concello da Coruña (patinaxe, capoeira) con outras impartidas directamente por clubs e persoal especializado (baloncesto, judo). En cursos pasados, conseguírase un acordo coa academia de inglés “Masterclass” para poder acudir a o seu centro na avenida dos Maios cun precio inferior ó xeral. Tamén, noutros anos, cando o número de nenos que o

solicitaron foi suficiente, tamén se realizaron outras actividades do Concello, como P.O.E. e programa CÓXEGAS. Máis adiante informaremos das propostas para levar a cabo ditas actividades no próximo curso e solicitaremos que nos indique as vosas preferencias (é importante que nos enviades ós vosos datos de contacto a través do formulario de inscrición de socios que se indica abaixo para que vos poidamos achegar á información).

- **Excursión fin de curso:** no comezo de cada curso escolar, faise una reunión para os socios da ANPA na que, entre outros puntos, se intenta acordar entre todos e por maioría, a excursión ou actividade a organizar para que no final de curso os alumnos do colexio teñan un día, a poder ser, inolvidable. Este curso fíxose unha festa no patio do colexio con hinchables e xogos para os nenos.
- **Foto fin de curso:** xa é tradición que a través da ANPA se lles faga unha foto ós nenos de cada aula para que poidan ter un recordo cos seus compañeiros.
- E, por suposto, estamos sempre dispostos a **escoitar suxerencias** das familias que poidan axudar a que a ANPA en concreto, e o colexio en xeral, poida ir mellorando.

Todas as familias que fagan uso do **comedor, madrugadores** ou participen nas **actividades extraescolares** deben ser **socias da ANPA**. A **cuota anual** é de 30€ por un neno, 35€ por dous e 37.50€ por tres.

Para poder resolver calquera dúbida que vos poida xurdir, poñemos a vosa disposición o correo electrónico da ANPA (anpa.sardinheira@gmail.com) e o teléfono móbil para a comunicación a través de whatsapp ([693 39 93 25](https://www.whatsapp.com/business/profile/693399325)).

Adxunto a este correo vos facemos chegar tamén o díptico da empresa “Jardanay” para que vos fagades unha idea dos prezos e opcións dos servizos de madrugadores e comedor. Tamén figuran cómo acceder ó formulario de inscrición a partir da data indicada.

Xa por último, vos facilitamos un enlace para que, se así o decidides, poidades formar parte da nosa ANPA.

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdhyQLbnIMNp2CBMGGMAk5tPodRTAA-Coc171ZjKROxSS0xjew/viewform?usp=sf_link

Esperando poder axudarvos na vosa nova etapa, recibide un afectuoso saúdo.

En A Coruña, a 30 de xuño de 2022

ANPA SARDIÑEIRA
DE LA ESCUELA INFANTIL Y
EDUCACIÓN PRIMARIA JOSE CORNIDE